Finalmente dentro do bloque **“Accións”** premer en **“Subscricións”** e **activar** as 3 casillas que aparecen na parte central da pantalla:

Isto vai permitir:




**Aceptar a xustificación de faltas a través do portal:** as familias poderán xustificar as súas faltas a través do portal

**Aceptar a solicitude de titorías por parte dos responsables dos alumnos**: as familias poderán solicitar unha cita de titoría




# abalarMóbil

## Subscricións do profesorado

**abalarMóbil** é unha aplicación que permite ás familias consultar a información de calquera dos seus fillos a través do teléfono móbil e así utilizar as funcionalidades dende calquera lugar de forma cómoda e rápida:

- Modificar o idioma da aplicación
- Acceder aos datos persoais
- Consultar as cualificacións
- Comprobar e xustificar as faltas de asistencia
- Acceder ao apartado de faltas de conduta
- Solicitar unha titoría
- Consultar os datos do centro educativo
- Consultar os avisos ou notificacións
- Consultar as incidencias




Trátase dunha aplicación móbil para os sistemas operativos máis difundidos: **iOS e Android**.




AbalarMóbil



## Pasos para subscribirse ás funcionalidades:

Acceder a: [http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar](http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar)

Premer en **"Acceso aos servizos"**




Acceder á parte privada co usuario e contrasinal de **edu.xunta.es**




Premer en **"espazo Profesorado",** seleccionar o grupo e premer en **"Escoller"**

